

COMISIÓN DE PERSOAL E MESA XERAL

Santiago de Compostela 23/13/24

O venres pasado tiveron lugar dúas xuntanzas, das que damos conta:

COMISIÓN DE PERSOAL:

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2024 DO PERSOAL SANITARIO FUNCIONARIO. LEI 17/1989

Sen cambios dende a Mesa Sectorial do persoal funcionario, ofértanse 15 prazas, das que 2 están na quenda de discapacidade. (podes acceder ao documento neste enlace).

UGT: a favor CIG: en contra CCOO: a favor CSIF: a favor.

SENTIDO DO VOTO DE UGT:

Reclámase a entrega con antelación suficiente, no obstante acéptanse as explicacións realizadas polo Vicesecretario na Mesa Sectorial, sobre a documentación coas prazas vacantes e causa que xustifican o 110% da taxa de reposición co resultado de 15 prazas ofertadas. Requirimos cambio de modelo na quenda de promoción interna e do proceso selectivo no conxunto do emprego público, e mentres iso non se produce, a negociación destes procesos selectivos (temario, tipo de exame.....).

RPT DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR:

A Directora Xeral de Emprego Público informa do compromiso en acta de realizar equiparación de niveis coas especialidades e escalas de Política Social, no prazo de 3 anos, resto sen cambios dende a Mesa Sectorial.

UGT: en contra CIG: en contra CCOO: en contra CSIF: en contra

SENTIDO DO VOTO DE UGT:

Pese á información da futura equiparación de niveis coas escalas de Política Social, consideramos que se trata dunha oportunidade perdida.

Eran as cuartas alegacións que realizabamos a unha RPT do CGSIB, en todos os casos tivemos pouco ou moi escaso éxito, no caso das anteriores nulo éxito. Algunhas das consideracións que levan ao voto en contra son:

- **Urxencia na tramitación:** sendo conscientes da necesidade de aprobación e publicación da RPT polas implicacións que derivan no remate dos procesos da Lei 20, e da posta en marcha dos concursos de traslados de Política Social, consideramos que 5 anos, dende a última proposta, foi tempo suficiente como para ter que liquidar o trámite nunha semana escasamente.
- **Listaxe de encomendas:** reiteradamente solicitado e nunca aportado.
- **Asignación de niveis:** nesta RPT hai un promedio 3 niveis máis baixos que o máis baixo das especialidades homólogas en Política Social e queda diferida a equiparación a tres anos.
- **Itinerancias:** sen xustificar con criterios obxectivos.
- **Identificación de vínculo xurídico:** non aparecen nas observacións de RPT as persoas fixas.
- **Coordinacións:** sen concretar as itinerancias, diferenzas de apertura a escalas en Área de Benestar e Escolas Infantís.
- **Servizos Centrais:** distribución de postos caótica.

Pese a todo o anterior, todo negativo nada positivo agás que non hai complementos de funcionarización e que todos os postos incrementan algo as retribucións, hai que recoñecer que é mellor ter algo que



non ter nada, como así ven sucedendo dende a creación deste ente e, en todo caso, é positivo que determinadas cousas como a xestión de listas pase á xestión de Emprego Público, a ver si por fin son conforme á legalidade establecida no Decreto, e apelar a que se inicie a regularización no CGSIB.

RPT PERSOAL CONDUTOR:

A Directora informa que á petición de UGT constará na acta desta reunión que non existen complementos de funcionarización, e que para a situación daquelas persoas que están a percibir diferenza salarial entre grupo IV e III, adoptarase a mesma solución que a realizada na última RPT de funcionarización, VVRRNN, Oficiais 2ª cociña e Analistas de laboratorio, acudindo ás certificacións das diferenzas por parte das unidades de persoal correspondentes,

A entrada en vigor da RPT está prevista para o día 28/02/25 e o cambio de vínculo xurídico para o 01/03/25.

Interveu o Director Xeral de Orzamentos para aclarar que os complementos “*horario especial con especial dispoñibilidade*” e “*horario especial con especial singularidade*”, son complementos ligados aos postos e non ás persoas, percibíndose en situación de baixa laboral, asuntos propios e vacacións.

UGT: a favor

CIG: en contra

CCOO: a favor

CSIF: a favor

SENTIDO DO VOTO DE UGT:

Valoramos positivamente a retirada no mes de xuño da proposta inicial que contiña 240 postos con complemento de funcionarización, así como tamén que se recolla en acta e se aclare que a presente nin contén ditos complementos de funcionarización e ademais aplicarase a mesma solución ás diferenzas salariais que na anterior RPT de funcionarización, na que a través de certificacións correspondentes garántese a súa percepción en nómina, igual que se garanten os novos complementos nos termos expostos polo Director Xeral de Orzamentos.

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO ORDINARIA 2024:

Sen modificacións dende a Mesa Sectorial.

UGT: abstención

CIG: en contra

CCOO: abstención

CSIF: en contra.

SENTIDO DO VOTO DE UGT:

A documentación non foi aportada en tempo e forma, en mesa previa aportase en man o anexo de prazas, e verbalmente infórmase das vacantes e causa que xustifica a oferta, faltou tamén o preceptivo documento borrador de Decreto, sendo achegado con posterioridade, que é o que realmente hai que negociar.

Cuestión a valorar positivamente é a determinación que na **quenda de interna independente poda participar na do subgrupo A1 o persoal de A2 das escalas de consumo e de inspección turística. Igualmente que na do subgrupo C2 podan participar as escalas da agrupación profesional.**

MODIFICACIÓN DE RPTs ADMINISTRACIÓN XERAL E ESPECIAL (Escoba da Lei 20)

Sen modificacións dende a Mesa Sectorial.

UGT: en contra

CIG: en contra

CCOO: en contra

CSIF: en contra

SENTIDO DO VOTO DE UGT:

Pese a tratarse dunha RPT que deba funcionar como aquela a través da que “afloran” postos que ata este momento ou estaban mal encadrados ou simplemente non constaban en RPT, e que viña



demandando regularizar este sindicato, e que en principio deberamos considerar como moi positivo, o resultado da mesma é **unha eiva significativa coas prazas de Titulado Superior Lingüista, que se crean a media xornada e de 7 meses ao ano**. Quere isto dicir que non hai demanda de formación suficiente como para non converter esas contratacións en tempo completo de todo o ano e ser coherente coa política que se anuncia pola Consellaría e a Xunta de promoción do Galego,?

Por outra banda recóllense os postos de **Illas Atlánticas, sobre os que, si a Administración fixese o seu traballo, xa deberían reflectir o Acordo acadado coas Organizacións Sindicais**, e non é así. Ante esta situación urximos tanto á Consellería como á Dirección Xeral de Emprego Público a que á maior brevidade posible asine o Acordo de condicións do persoal das Illas Atlánticas e o aplique inmediatamente mediante unha nova modificación de RPT.

MESA XERAL:

PROPOSTA DE ACORDO PARA A CORRECTA FINALIZACIÓN DOS PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN MEDIANTE CONCURSO DAS ESCALAS DO SPIF:

As catro Organizacións Sindicais manifestámonos sobre a **posibilidade** de que o contido deste acordo puidera ser **trasladado a outras escalas**, sempre que os datos puidesen avalar situación idéntica. Por parte da **Dirección** din que non ven esa solución aplicada a outros supostos, pero que en todo caso de **poder producirse será atendida e resolta a través dos recursos de alzada**.

Aclara tamén a Dirección Xeral que naqueles Entes Instrumentais que teñan os procesos finalizados e as tomas de posesión realizadas, as persoas que obteñan praza na Administración xeral poderán exercer o **dereito de opción** que habilita o **artigo 11 da Lei 5/2022**, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da CA de Galicia. Neste caso deberían **renunciar á primeira praza** co fin de dar cumprimento á obriga do propio artigo 11.

Ante a situación derivada da aplicación do acordado e sobre a **finalización dos procesos da Lei 20, nestas escalas** afectadas, só di que será **“no prazo máis breve posible”**.

Pediuse por parte das OOSS que o acordo se aplique tamén aos procesos de concurso-oposición.

CONVOCATORIAS DE PROMOCIÓN ESPECÍFICA A2, C1 e C2 (CONSORCIO):

Trátase das convocatorias de procesos a través dos cales está previsto que o persoal laboral fixo, cuxa condición foi adquirida, por proceso selectivo, con posterioridade á entrada en vigor do EBEP e polo tanto non pode ir a través de procesos denominados “funcionarización”, podan adquirir a condición de persoal funcionario.

Diferéncianse basicamente nas respostas dos test, os de funcionarización levaban 3 e estes 4. Estes levan taxa de matrícula e os de funcionarización non.

ROGOS E PREGUNTAS.

- **Negociación do grado III extraordinario de carreira profesional:** iniciárase a negociación en 2024 e os efectos serán a 01/01/2025.
- **Plan de estabilización de persoal contratado para os eólicos:** a pregunta realizámola, tendo en conta que o Director Xeral de Orzamentos en Mesa Xeral de Orzamentos comentara a intención de levar a diante o que denominou, en dita Mesa, como “plan de estabilización”, e dado



que non se observa a través da OPE que se aprobou hoxe, o dito plan é o motivo polo que se lle pregunta. Responde que ante a previsible necesidade de prazas foi unha cuestión que avanzou no seu momento e que teñen previsto realizar.

- **Persoal investigador:** cando se aproba o Decreto de persoal investigador a Administración, a petición de **UGT**, inclúe as prazas no desenvolvemento da Lei 20/201, para elo dáse o prazo dun ano, a partir da publicación do Decreto, para ter unha listaxe do persoal afectado, así mesmo en dito prazo debera iniciarse a negociación dun convenio marco de todo o persoal investigador. Como o prazo está a piques de concluír, preguntamos como van os trámites. A Administración responde que están coa determinación das prazas estruturais e que en canto teñan o resultado o farán chegar ás OOSS para a negociación.
 - De igual forma manifestamos **queixa formal polo acontecido con persoal das fundacións sanitarias** que, en aras ao cumprimento do preceptuado na Disposición transitoria terceira do Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, obriga a un cambio de contrato pasando dun vínculo temporal a un indefinido de actividade científico-técnica, amparado pola Lei da Ciencia.
 - Preguntámonos se non houbo tempo suficiente dende o ano 2021, cando se publica o RDL, ata o día 17 de decembro de 2024, cando se lle comunica ao persoal afectado, para poder ter en previsión a obriga legal?.
 - Non é suficiente a **situación de precariedade pola que pasa o persoal investigador desta Administración**, como para encima ter que padecer actuacións ameazantes?. O contido dos correos que recibiu o persoal era meridianamente claro ou asinas o novo contrato ou vas á rúa. Isto é inaceptable.

